



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

(pendente de aprobación na seguinte sesión ordinaria)

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 29 DE OUTUBRO DE 2015

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

D^a. M^a Magdalena Pérez Millares

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello de Porto do Son**, sendo as **14:25 horas do día 29 de outubro de 2015**, reúnese a **Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria**, baixo a **presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso**, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, **D. José Manuel González García**, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo **secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local**, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE APERTURA.

2.1.- Licenza de obra maior. Expediente 231/2008.

2.2.- Licenza de obra maior. Expediente 286/2015.

2.3.- Comunicacions previas de obra.

3.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.



1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **APROBA** as actas correspondentes ás sesións extraordinaria do 1 de outubro e ordinaria do 15 de outubro, ámbalas dúas de 2015.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE APERTURA.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, outorga as **licenzas urbanísticas** que de seguido se indican, impondo a cada unha delas, **aparte dos condicionados técnicos particulares que individualmente lles correspondan, sinalados polo arquitecto municipal, as seguintes condicións xerais**, de obrigado cumprimento para o solicitante:

1/ A licenza outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade e** doutras autorizacións administrativas; sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública; e unha vez rematada a obra deberá repofier os posibles desperfectos ocasionados en dita vía pública.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao Concello esta circunstancia a fin de **efectuar as comprobacións pertinentes**, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: A obra debe iniciarse no prazo máximo de 1 ano dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación. Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra, de **copia autorizada da licenza municipal**, e **nas maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos



técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a acta de comprobación de aliñacións.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna licenza de primeira ocupación, de conformidade co sinalado na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a producción e xestión dos residuos de construción e demolición. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: "*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*"

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 104 da LOUGA, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se valan a levar a cabo.

- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

2.1) LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 231/2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Visto que D^a. Rosa González Maneiro solicitou en data 16/04/2008 licenza municipal para "rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar para destinala a establecemento de turismo rural" nunha parcela situada no lugar de Campanario, 7 (Baroña), con referencia catastral 8876305MH9287N0000RJ, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto D. Iván Camba Dopazo, de data agosto de 2014, e documentación complementaria e de modificación dese proxecto, de datas decembro de 2014 e xuño de 2015, redactada polo mesmo arquitecto.

Vista a autorización do 15/10/2015 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o ditame de 23/04/2015 da Comisión Técnica de Accesibilidade da Consellería de Traballo e Benestar.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 231/2008 e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 28/10/2015 e o informe de Secretaría do 28/10/2015.

ACORDA:



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

PRIMEIRO: Conceder a D^a. Rosa González Maneiro a licenza municipal solicitada para "rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar para destinala a establecemento de turismo rural" nunha parcela situada no lugar de Campanario, 7 (Baroña), con referencia catastral 8876305MH9287N0000RJ, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto D. Iván Camba Dopazo, de data decembro de 2014, e documentación complementaria e de modificación dese proxecto de data xuño de 2015, redactada polo mesmo arquitecto, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

"CONDICIONS URBANÍSTICAS SEGUNDO DATOS DO PROXECTO:

CLASIFICACIÓN E CALIFICACIÓN OU TIPO BÁSICO:

NNSSMM (plano 0-7 Delimitación núcleos de Baroña)

CLASIFICACIÓN	URBANO
TIPO	RESIDENCIAL EXTENSIVA "RURAL"
CLAVE	SU5

Segundo Disposición transitoria primeira, apartado e. da LOUG:

RÉXIMEN DE APLICACIÓN	NÚCLEO RURAL COMÚN
-----------------------	--------------------

Segundo o estudo de grao de consolidación de data 17 de marzo de 2009, o núcleo presenta un grao de consolidación superior ao 50%, polo que lle son de aplicación os parámetros de parcela mínima 300m², altura máxima B+1+BC e ocupación máxima do 50%, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas no planeamento respectivo.

CONDICIÓN DE USO:

Segundo o artigo 157 das NNSSMM, o uso Hoteleiro é un uso permitido

O uso solicitado como Pensión englobase no uso hoteleiro, sendo un uso permitido.

CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN SEGUNDO PROXECTO:

Condicións de edificación respecto das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal:

	art.159 NN.SS.MM	Proxecto
Tipoloxía	Exenta ou Acaroadá	Acaroadá
Parcela mínima edificable	300m ² (poderanse autorizar edificacións en parcelas menores, cando estean construídas as parcelas medianeiras)	332m ²
Ocupación máxima	40% (cando se trate de parcelas menores que a mínima fixada, permitíranse ocupacións maiores, estipulándose un fondo máximo de edificación para tódalas plantas de 12m)	72,37 m ² < 132,8 m ² 40%
Aliñacións	Planos de aliñacións ou aliñacións consolidadas	Existente >5m eixe
Altura máxima (plantas)	PB+1	PB+1
Altura máxima (metros)	7,00m	<7,00m
Pendente máxima de cuberta	30º	23º
Altura máxima do cumio	3,60m	3,60m
Aproveitamento baixo cuberta	Autorizado	Si
Recuamentos a vías	8,00m do eixo ou segundo lexislación sectorial	> 8,00m
Recuamentos a lindes	3,00m (Poderán autorizarse edificacións acaroadas a paramentos cegos de edificacións existentes)	Acaroadá
Voos	10% do ancho de calle e como máx 1,00m., 3,00m por encima da rasante	-



XUSTIFICACIÓN DO ARTIGO 104 DA LOUG:

Xustificase

SERVICIOS URBANÍSTICOS EXISTENTES SEGUNDO OS DATOS APORTADOS NO PROXECTO:

ABASTECIMENTO DE AUGA: Pozo existente na parcela

SANEAMENTO: Fosa séptica existente na parcela

SUMINISTRO DE ENERXIA ELÉCTRICA: Dispón

RECOLLIDA DE LIXO: Dispón

TELECOMUNICACIÓNS: Dispón

CONDICIONS ESPECÍFICAS PARA O USO SOLICITADO:

Decreto 267/1999, do 30 de setembro, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros.

Segundo os datos técnicos aportados no expediente:

XUSTIFICASE

RD 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o CTE. DB-SI . SEGURIDADE EN CASO DE INCENDIO

Segundo os datos técnicos aportados no expediente:

XUSTIFICASE

Lel 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia

Segundo os datos técnicos aportados no expediente:

OBSERVACIÓN TERCEIRA

RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción

Segundo os datos técnicos aportados no expediente:

XUSTIFICASE

ACTIVIDADE:

Estarase ao disposto no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

OBSERVACIÓNS:

PRIMEIRA.- Consta resolución do servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con r.e. no Concello número 7322 de data 16 de outubro de 2015, pola que se autorizan as obras solicitadas

SEGUNDA.- Respecto ao Decreto 267/1999, do 30 de setembro, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros.

No anexo IV onde se regulan as condicións das pensións esíxese un cuarto de baño xeral por cada 10 habitacións. Dado que neste caso cada unha das habitacións dispón de cuarto con pileta, inodoro e lavabo, enténdese que por non ser necesario o cuarto de baño xeral pódese pedir unha exención e cumprirá este Decreto, segundo criterios do organismo competente en materia de Turismo.



TERCEIRA.- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia:

Consta ditame A28/2015 da Comisión Técnica de Accesibilidade de data 16 de abril de 2015, polo que *"Dado que a casa de turismo rural conta con 4 habitacións, non sería necesario que cumprira as determinacións da normativa autonómica de accesibilidade"*

CUARTO.- Segundo a seguinte fotografía, a ampliación que se pretende levar a cabo taparía unha fiestra existente na edificación medianeira, da que tamén sobresa un aleiro sobre a edificación obxecto de proxecto.

(...)

CONDICIÓN PARTICULARES:

- Non se poderá dar inicio ás obras sen presentar previamente no Concello o proxecto de execución, estudo básico de seguridade e saúde e nomeamentos de dirección obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde.

En todo caso, o prazo máximo para a presentación desta documentación no Concello será de tres meses, a computar dende a recepción da notificación da concesión da licenza no seu caso.

- O proxecto de execución e as obras axustaranse ao proxecto básico de rehabilitación e ampliación dunha edificación existente para destinala a Pensión con rexistro de entrada número 1892 de data 17/03/2015, e planos modificados de data Xuño de 2015, con rexistro de entrada no Concello número 4475 de 18 de xuño de 2015, e documentación modificada con rexistro de entrada no Concello número 7563 de 28 de outubro de 2015.
- No proxecto de execución, que deberá desenvolver o proxecto básico presentado, deberán xustificarse e cumprirse tódalas normativas técnicas de aplicación para os usos previstos.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentarse comunicación previa para o inicio da actividade segundo o disposto no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, á que se achegará informe de contaminación acústica, se procede, conforme ao artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica en Galicia (DOG núm.145 de 3 de agosto de 2015)
- No proxecto de execución, que deberá desenvolver o proxecto básico presentado, deberán xustificarse e cumprirse tódalas normativas técnicas de aplicación para os usos previstos.
- O propietario deberá conectarse, á súa costa, aos servizos de abastecemento de auga e saneamento unha vez que se implanten no núcleo."

SEGUNDO: Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO: Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaja s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		TOTAL: ICIO + taxa
			Taxa total	233,76 €	
93.504,00 €	2%	1.870,08 €	Taxa pagada	195,25 €	60,10 €
			Pendente pago	38,51 €	

E requirir o pago ao obrigado tributario, sendo necesario que acredite o pagamento para poder retirar a licenza municipal de obras.

CUARTO: Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO: Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

2.2) LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 286/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Visto que D. José Fernando Alfonso Sánchez solicitou en data 23/09/2015 licenza municipal para "demolición dunha piscina" existente nunha parcela situada no lugar de Punta Cabeiro, 27 (Noal), con referencia catastral 000202700NH03A0001HH, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto técnico D. Luis Fole Barrio, de data xullo de 2015.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 286/2015 e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 21/10/2015 e o informe de Secretaría do 28/10/2015.

ACORDA:

PRIMEIRO: Conceder a D. José Fernando Alfonso Sánchez a licenza municipal solicitada para "demolición dunha piscina" existente nunha parcela situada no lugar de Punta Cabeiro, 27 (Noal), con referencia catastral 000202700NH03A0001HH, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto técnico D. Luis Fole Barrio, de data xullo de 2015, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

"CONDICIONS URBANÍSTICAS SEGUNDO DATOS DO PROXECTO:

CLASIFICACIÓN E CATEGORÍA:

NNSSMM (plano 0-2B Clasificación do solo)

CLASIFICACIÓN	NON URBANIZABLE
TIPO	NÚCLEO RURAL TRADICIONAL
CLAVE	SNU NR

Segundo Disposición Transitoria Primeira, apartado e. da LOUG:

RÉXIMEN DE APLICACIÓN	NÚCLEO RURAL COMÚN
-----------------------	--------------------



CONDICIÓNS DE USO:

Preténdese a demolición dunha piscina existente nunha parcela que ademais conta cunha vivenda unifamiliar onde non se intervén, e non se introduce un novo uso na parcela.

Non está nos supostos de demolicións prohibidas polo artigo 26 da LOUG, polo que sería autorizable.

CONDICIÓNS PARTICULARES:

1. Previamente ao inicio das obras aportarase o nomeamento de dirección de obra e coordinador de seguridade e saúde
2. Unha vez rematada a demolición, os terreos deberán quedar en axeitadas condicións de limpeza, seguridade, salubridade e ornato, repoñéndose ao seu estado anterior."

SEGUNDO: Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais de aplicación** a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO: Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		TOTAL: ICIO + taxa
			Taxa total	30,05 €	
5.813,65 €	2%	116,27 €	Taxa pagada	30,05 €	146,32 €
			Pendente pago	0,00 €	

E requirir o pago ao obrigado tributario, sendo necesario que acredite o pagamento para poder retirar a licenza municipal de obras.

CUARTO: Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO: Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

2.3) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

2.3.1.- Comunicación previa de D. Ramón Lestón González e D. Manuel Lestón González. Expte. 297/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da comunicación previa presentada por D. Ramón Lestón González e D. Manuel Lestón González o 05/06/2014 (r.e. núm. 4672) e documentación complementaria achegada o 07/10/2015 (r.e. núm. 7082) para realizar obras de "adecuación



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

de fachada para farmacia" no local situado na Rúa Camiño Novo, 2 – baixo – Porto do Son, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Horacio Enrique Gil García de data xuño de 2015 (visado COAG 1503538,1 do 05/06/2015) e anexo de data outubro 2015 (visado COAG 1503538,4 do 05/10/2015) redactado polo mesmo arquitecto.

Darase cumprimento á resolución do 30/07/2015 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, relativa ao expediente referenciado:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
5.771,80 euros	2%	115,44 euros

E requirir o pago ao obrigado tributario, sendo necesario que acredite o pagamento para poder retirar a licenza municipal de obras.

TERCEIRO: Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO: Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

2.3.2.- Comunicación previa de D^a. María del Carmen Paz Ageitos. Expediente 320/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da comunicación previa presentada por D^a. María del Carmen Paz Ageitos o 21/10/2015 (r.e. núm. 7433) para realizar obras de "acondicionamento para centro de ocio infantil" do local situado na Rúa Camiño Novo, 3 – baixo (Porto do Son), segundo a memoria técnica redactada polo arquitecto D. Daniel Puerta Martín.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, relativa ao expediente referenciado:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
11.500,00 euros	2%	230,00 euros

E requirir o pago ao obrigado tributario, sendo necesario que acredite o pagamento para poder retirar a licenza municipal de obras.

TERCEIRO: Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada



polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO: Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

3. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EJERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.


E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **14:40 horas**, do día **29 de outubro de 2015**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,



Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO



Asdo. José Manuel Gonzalez Garcia